



Concello de O Incio

BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DE ACORDO CO CONVENIO DE COLABORACIÓN TIPO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE O INCIO, PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS, SERVIZOS E CREACIÓN DE EMPREGO AO ABEIRO DO PROGRAMA “DEPUEMPREGO”.

I. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da convocatoria é a contratación en réxime laboral temporal de DOUS (2) peóns de servizos múltiples do concello de O Incio, de acordo as bases do convenio formalizado polo concello de O Incio e a Excma. Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do “Programa Depuemprego”, co obxecto da axuda e colaboración co obxectivo común de dar cumprimento ás competencias mínimas obrigatorias ou obras esenciais xerando oportunidades de emprego na provincia de Lugo.

Esta colaboración se materializa a través da achega económica por parte Da Deputación Provincial de Lugo do 100% dos custes salariais e da Seguridade Social dos traballadores contratados.

O proceso selectivo será o concurso - oposición, conforme ao disposto no artigo 61, apartados 1 e 3 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro (en adiante TRLEBEP).

II. NORMATIVA APLICABLE

Ao presente concurso-oposición seralle de aplicación o previsto no TRLEBEP. Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente que non se opoñan ao disposto no TRLEBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que aproba o regulamento xeral de ingreso na Administración.
- Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.
- Convenio de Colaboración rubricado en data 23/09/2016 entre a Excma. Deputación de Lugo e o Concello de O Incio, para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do “PROGRAMA DEPUEMPREGO”



Concello de O Incio

III. DURACIÓN DO CONTRATO, HORARIO E RETRIBUCIÓNS

O contrato laboral que se formalizará coas persoas seleccionadas será de duración determinada na modalidade de obra ou servizo determinado previsto no artigo 15.1. a) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET).

A contratación laboral terá unha duración de TRES (3) MESES dende a formalización do contrato e cun límite temporal do 30/10/2017. A prestación da xornada de traballo farase a xornada completa en horario de 08:00 horas a 15:00 horas, de luns a venres.

As retribucións brutas mensuais incluída a prorrata da paga extra ascenden a 1.287,12 € brutos/ mes.

IV. FUNCIONES

Son funcións propias destes postos de traballo adscritos á brigada municipal de obras, as seguintes actuacións:

1. Manexo dun tractor para o roce e limpeza de beirarrúas, conservación e mantemento de pistas e camiños municipais, con manexo de ferramentas e maquinarias propios do Concello.
2. Limpeza, conservación e mantemento de camiños municipais.
3. Reforzo das tarefas de reparación e mantemento das zonas urbanas e municipais.
4. Realización de tarefas de mantemento e limpeza da maquinaria municipal empregada para os traballos a realizar.
5. Acondicionamento de anomalías existentes en estradas municipais.
6. Cantas outras funcións lle sexan encomendadas polos órganos municipais competentes.

V. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Serán requisitos mínimos dos aspirantes ao proceso selectivo, en aplicación do artigo 56 do TRLEBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de instancias:

- Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en quen en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderá participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e o dos nacionais dalgún estado en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España cando sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

Concello de O Incio



Concello de O Incio

- Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: **certificado de escolaridade, EXB, ESO ou equivalente**. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación e ademais achegarse ao título a súa tradución xurada.
- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo para o que se opta, para o cal se realizará o oportuno recoñecemento médico. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.
- Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ó emprego público.
- Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.
- **Dispor de carné de conducir tipo B.**
- **O coñecemento do idioma galego acreditarase mediante diploma, - CELGA 1 -, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, e, no seu defecto, mediante proba escrita que se lle realizará o aspirante.** Esta proba consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega.

VI. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

A selección do persoal a contratar levarase a cabo mediante formulación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia. Non se requirirá a presentación de instancias, xa que os candidatos deberán figurar na lista remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, en contestación á correspondente oferta.

As bases íntegras e a convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de O Incio e na súa páxina web (www.concellooincio.es). Aos efectos do cumprimento do principio de publicidade, estas bases, tamén serán publicadas na páxina web da Deputación Provincial de Lugo.

Os candidatos/as desempregados/as deberán acompañar no día sinalado pola Oficina de Emprego, para a súa presentación no Concello de O Incio, a documentación sinalada nas presentes bases, obxecto de valoración no procedemento de selección, xunto co DNI ou documento similar que acredite a súa identidade e anexo I.

Os méritos alegados que non sexan xustificados documentalmente ou que non

Concello de O Incio



Concello de O Incio

cumpran os requisitos establecidos nestas Bases non serán tidos en conta polo Tribunal.

A instancia debe ir acompañada dos seguintes documentos:

- a) Fotocopia do D.N.I ou documento equivalente.
- b) Fotocopia do Título esixido na convocatoria; ou documento xustificativo do pagamento das taxas por expedición do Título, cando aínda non se posúa o mesmo.
- c) Fotocopia do carné de conducir tipo B.
- d) Certificación, de ser o caso, acreditativa do grado de discapacidade.
- e) Der ser o caso, as persoas que aleguen ser vítima de violencia de xénero:

A efectos destas bases, entendese por mulleres en situación de violencia de xénero todas aquelas que cesasen a relación de convivencia co agresor e acrediten a situación de violencia a través de calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero; tales como:

- Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada pola/o secretaria/ou xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia dos devanditos indicios.
- Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración Pública Autonómica ou Local no que se recolla a dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.
- Informe dos servizos de acollida da Administración Pública Autonómica ou Local en que se recolla a dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.

- f) Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados e que se sinalan no baremo.

Infórmase que a sede electrónica do Concello de O Incio está en construción polo que non está operativa.

VII. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía – Presidencia do Concello de O Incio ditará resolución, no prazo máximo de TRES (3) días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da Concello e na súa paxina web, sinalándose un prazo de TRES (3) días hábiles contados a partires do día seguinte ao da publicación da resolución para que os/as aspirantes excluídos/as poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a súa exclusión.

Concello de O Incio



Concello de O Incio

Unha vez transcorrido o devandito prazo, a Alcaldesa – Presidenta ditará resolución definitiva onde será sinalado o lugar, data e hora de realización das probas da fase de oposición e a composición do Tribunal Cualificador, debendo transcorrer polo menos 24 horas entre a publicación e a data de realización das probas. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da Concello e na súa paxina web e contra a mesma poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 8.1 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa – Administrativa.

As restantes notificacións que se realicen durante a tramitación deste proceso de selección publicaranse na páxina web do Concello e no Taboleiro de edictos da Corporación.

VIII. TRIBUNAL CUALIFICADOR

1. A selección será realizada por un Tribunal, segundo o disposto nos artigos 60 e 61 do EBEP, e estará composto polos seguintes membros:

- Presidente/a: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.
- Secretario/a: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.
- Vogais: Tres empregados/as públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Por cada membro do tribunal nomearase un suplente, podendo actuar indistintamente titulares ou suplentes.

2. Abstención e recusación.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusalos cando concorran as circunstancias previstas no artigo 24 da citada Lei.

3. Constitución e actuación.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar, sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

Na resolución na que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos sinalarase a súa composición e a data e hora na que se constituirá.

Os membros do tribunal, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na

Concello de O Incio



Concello de O Incio

data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

Cando se estime necesario ou conveniente, poderase dispoñer a incorporación de asesores especialistas. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

IX. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

A selección realizarase mediante o sistema de CONCURSO - OPOSICIÓN, consistindo a primeira fase no concurso e na valoración de situacións que dificultan o acceso ao mercado laboral e a segunda fase na oposición que consistirá nunha proba práctica determinada polo tribunal cualificador.

A) FASE CONCURSO: Non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar a fase de oposición. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito:

A.1) CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS E FAMILIARES: PUNTUACIÓN MÁXIMA: 3,00 PUNTOS.

- Ser muller: 0,50 puntos.
- Ter máis de 45 anos: 0,50 puntos.
- Persoas con discapacidade: 0,50 puntos.
- Persoas vítimas de violencia de xénero: 0,50 puntos.
- Antigüidade como demandante de emprego inscrito na Oficina Pública de Emprego: 0,05 puntos por mes ata un máximo de 0,50 puntos.
- Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo do/da solicitante, o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de 30 anos, ou persoas maiores incapacitadas ou menores acollidos/as: 0,50 puntos.

Os dous últimos criterios acreditaranse respectivamente mediante o certificado ou documentación acreditativa expedida pola oficina pública de emprego e o certificado do Padrón de habitantes do concello onde resida.

A.2) EXPERIENCIA PROFESIONAL: PUNTUACIÓN MÁXIMA: 2,50 PUNTOS.

- Por cada mes completo de servizos prestados na Administración Pública ou en empresas dependentes da Administración Pública, en postos de traballo similares e directamente relacionados: 0,20 puntos/mes completo.

- Por cada mes completo de servizos prestados en Empresas Privadas, en postos de traballo similares e directamente relacionados: 0,10 puntos/mes completo.

ACREDITARASE: Mediante certificacións de servizos prestados, expedida polo organismo oficial no que se prestaron ou certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e copia de contratos de

Concello de O Incio



Concello de O Incio

traballo nós que se poida comprobar que as funcións ou tarefas realizadas se corresponden coas da praza/posto/función.

Non se terán en conta os servizos prestados como autónomo.

A.3) CURSOS DE FORMACIÓN: PUNTUACIÓN MÁXIMA: 1,50 PUNTOS.

- Cursos de formación sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo, impartidos por administracións públicas, organismos oficiais dependentes de calquera das administracións públicas ou homologados por estas. Ata un máximo de 1,5 puntos, de acordo coa seguinte escala:

- Por cada curso de ata 30 horas: 0,20 puntos
- Por cada curso de 31 a 100 horas lectivas: 0,30 puntos
- Por cada curso de 101 a 200 horas lectivas: 0,50 puntos.
- Por cada curso de máis de 201 horas lectivas: 0,75 puntos.

ACREDITARASE: Mediante fotocopia compulsada do título, certificados do órgano responsable de impartilos ou títulos correspondentes dos cursos de formación, no que consten o número de horas de formación realizada.

B) FASE OPOSICIÓN: A Fase de Oposición consistirá na realización dunha ou máis probas prácticas. Ten carácter obrigatoria e eliminatoria para as/os aspirantes. Nela analizarase a capacidade funcional das/dos aspirantes para levar a cabo as funcións propias do posto de peón de servizos múltiples do concello de O Incio.

Cualificarase cunha puntuación de 0 a 10 puntos sendo necesario obter un mínimo de 5,00 puntos para poder superala proba.

Correspóndelle ao tribunal establecer o tempo máximo da proba ou probas a realizarse.

X. DESENVOLVEMENTO DA PROBA.

Terminada a fase de valoración do concurso o Tribunal elevará a súa proposta á Sra. Alcaldesa - Presidenta para que formule os nomeamentos pertinentes. A puntuación total dos participantes virá determinada, pola suma dos puntos obtidos na fase de concurso e na fase de oposición.

En caso de empate, terán preferencia os participantes que obteñan a maior puntuación na fase de oposición. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

O tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web do Concello, e elevará dita relación ao Alcalde - Presidente que aprobará a relación de candidatos que superaron a fase de oposición.

Os aspirantes propostos presentarán, dentro do prazo de CINCO (5) días naturais dende que se fai pública a proposta, os documentos acreditativos das condicións que para participar neste proceso selectivo se esixen na base requirida:

Concello de O Incio



Concello de O Incio

- Certificado o informe médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das tarefas para as que solicita ser contratado/a e, polo tanto, estar capacitado/a para o desempeño do posto de traballo ao que aspira.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.
- Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión. Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.
- Número de conta bancaria (IBAN).
- Fotocopia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás no caso de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 5ª, non poderán ser contratados e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación.

XI. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABALLO.

Concluído o proceso selectivo e achegados os documentos a que se refire a base anterior, a Sra. Alcaldesa - Presidenta, de acordo coa proposta formulada polo Tribunal, procederá a formaliza-la relación laboral correspondente.

O contrato que se lle realizará ás persoas seleccionadas é de duración determinada por un período de TRES (3) meses, a xornada completa.

O persoal contratado, estará suxeito durante a súa relación laboral á normativa sobre incompatibilidades prevista na función pública (Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e concordantes).

XII. BOLSA DE EMPREGO

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, cando o concello necesite algún/ha traballador/a destas características para o mesmo servizo e posto obxecto da presente convocatoria, para cubrir postos que queden vacantes, entón acudirá a dita bolsa, seleccionando ó/á

Concello de O Incio



Concello de O Incio

primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumpra nese intre cos requisitos do punto dous destas bases; o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria.

XIII. IMPUGNACIÓN

As presentes bases e a súa convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 30/2015, de 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contra a convocatoria e as Bases, previo á vía xurisdiccional contencioso-administrativa, que se poderá interpoñer no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Taboleiro de edictos do Concello.

En O Incio, na data da sinatura
A ALCALDESA – PRESIDENTA

(Documento asinado dixitalmente á marxe)



Concello de O Incio

ANEXO I. SOLICITUDE

MODELO DE SOLICITUDE POSTO DE TRABALLO PEÓN DE OBRAS

D/ D^a _____, con DNI N^o _____, e domicilio, a efectos de notificación, en _____, C.P. _____ Teléfono de contacto _____.

Expón:

Que enterado da convocatoria pública efectuada polo Concello de O Incio desexa participar no proceso selectivo convocado para a provisión do posto de traballo de peón para o servizo de obras mediante contratación en réxime laboral baixo a modalidade de contrato por obra o servizo de duración determinada, a tempo completo, de acordo coas bases da convocatoria aprobadas.

A tal efecto faise constar:

- ✓ Que reúne todos y cada uno de los requisitos esixidos nas bases da convocatoria.
- ✓ Que autorizo ó Concello de O Incio para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.
- ✓ Que aporto a seguinte documentación:
 1. Solicitud de participación anexa a las Bases. (**ANEXO I**)
 2. Fotocopia compulsada do D.N.I.
 3. Fotocopia compulsada do carné de conducir TIPO B.
 4. Fotocopia compulsada do CELGA 1.
 5. Copia compulsada do título ou declaración ou certificado de estar en condición de obtelo título esixido nas bases para a praza antes da sinatura do correspondente contrato.
 6. A relación do méritos alegados e os documentos xustificativos dos mesmos, segundo o establecido na Base VI e IX da convocatoria.

SOLICITA:

Ser admitida/o a participar na presente convocatoria.

Concello de O Incio



Concello de O Incio

O abaixo firmante declara baixo a súa responsabilidade que son certos todos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases.

O Incio, a ____ de _____ de 2016.

O/A declarante

Asdo.: _____

En relación co establecido na L.O.P.D de Carácter persoal o **CONCELLO DE O Incio**, procede a informarlle que os datos obtidos no noso formulario serán incorporados a un ficheiro de datos, do que é responsable o **CONCELLO DE O INCIO con domicilio social en Praza de España N.º 1, 27346 - O Incio (Lugo)**, sendo os datos obtidos co consentimento do interesado, Art. 6 L.O.P.D. o obxecto de dito tratamento será para a xestión das relacións contractuais establecidas entre o Concello e o solicitante. O interesado gozará en todo momento dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición garantidos pola Lei vixente. O titular dos datos comprométese a comunicar por escrito ao **CONCELLO DE**

Concello de O Incio

Plza. de España, 1, O Incio. 27346 Lugo. Tfno. 982427014. Fax: 982427100



Concello de O Incio

O **INCIO**, calquera modificación que se produza nos datos aportados.

ANEXO 2. DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D^a. _____, con DNI
núm. _____, e domicilio, a efectos de notificacións, en
_____,
CP _____ e teléfono _____,

DECLARO:

PRIMEIRO: Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

SEGUNDO: Que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto.

TERCEIRO: Que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercizo das funcións públicas.

No suposto de ser nacional doutro Estado, **DECLARO**, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

O Incio, a ____ de _____ de 2016
O/A Declarante

Asdo.: _____ “

Concello de O Incio